

## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

**BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENCIOS FORESTAIS, DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, MEDIANTE A ACTUACIÓN DE UN VEHÍCULO MOTOBOMBA NO CONCELLO DE PORTOMARÍN.**

### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a selección e contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Portomarín, para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020",

#### ➤ TRES CONDUCTORES MOTOBOMBA

Serán Funcións a desempeñar por os contratados/as as establecidas no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de Un Vehículo Motobomba.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Portomarín e na súa páxina web ([www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es)).


### 2. RELACIÓN XURÍDICA DO TRABALLADOR/A COA ENTIDADE SOLICITANTE.

O traballador/a estará vinculado á Entidade mediante un contrato laboral de carácter temporal e de duración determinada a xornada completa. A modalidade do contrato de traballo será de obra ou servizo determinado, en réximen de dereito laboral (modelo 401), e terá unha duración de 3 meses no ano 2016. Os traballos a realizar son a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

### 3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.


- Estar en posesión do título de Graduado Escolar ou graduado en E.S.O, ou titulación superior ou equivalente.

- Posuír o Carné de conducir C.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

#### 4. SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo pola presentación de Instancia mediante o modelo que figura no Anexo I das presentes bases, dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Portomarín, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, e de 10:00 a 13:00 horas os sábados, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no seu artigo 38, no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario O Progreso de Lugo. Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Portomarín, co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación por fax ao Concello (982545104) ou ao correo electrónico [orientacion@concellodeportomarin.es](mailto:orientacion@concellodeportomarin.es) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

Os candidatos/as deberán acompañar xunto coa instancia (modelo anexo I), a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, obxecto de valoración no procedemento de selección (relacionándose no anexo IV), xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

Rematado o prazo para presentar as instancias, o Sr. Alcaidedictará resoluciónno prazo máximo de dez (10) díasque conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición e se valorarán os méritos alegados polos candidatos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es)


Concederase un prazo de tres (3) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es), aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es) da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

### **5. ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

Constituirase un órgano de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992. A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Portomarín e na súa páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es)

### **6. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.**

O sistema de selección dos aspirantes será o concurso - oposición.

#### **6.1. Fase de concurso:**

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

A valoración dos méritos realizarase con posterioridade ao remate da fase de oposición, e soamente aos/as aspirantes que a superaron, o resultado da mesma farase público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es), podendo ser o mesmo día do inicio das probas.


Cualificarase de acordo cos méritos e valoracións especificados no Anexo III desta convocatoria sen que a cualificación poida exceder dos dez (10) puntos na súa totalidade.

#### **6.2. Fase de oposición:**

A proba selectiva da fase de oposición constará dun único exercicio teórico; obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres respostas alternativas, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa que figura como Anexo II de estas bases, nun tempo máximo de 40 minutos.

Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. Por cada resposta correcta obterase 1 punto, cada resposta incorrecta penalizará 0,50 puntos. As preguntas en branco non puntuarán.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

Os/as aspirantes convocaranse en chamamento único, coa excepción dos casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo órgano de selección. Non será obrigatoria a publicación de anuncios no Diario O Progreso para a celebración das probas, dando publicidade á data das mesmas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, con antelación ao inicio das mesmas.

### 7. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e da fase de concurso.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, se continúa o empate os que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es). Os aspirantes disporán de un prazo de dous (2) días naturais, a partir do seguinte ao da publicación para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado dito prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevaráse dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

Non obstante, para o caso de que se produza renuncia do aspirante seleccionado, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc., o órgano de selección elaborará unha Lista de Reserva, co fin de asegurar a cobertura do posto.

### 8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento como a proba de esforzo físico

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

Os/as que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### 9. DISPOSICIÓN FINAL.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984 de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local; Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como da actuación do órgano de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).


Contra as presentes bases e a resolución pola que se realiza a convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo ante o Alcalde do Concello de Portomarín, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao de publicación pola que se anuncien as mesmas no Diario O Progreso de Lugo, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

En Portomarín a 15 de Xuño de 2016

Alcalde-Presidente,



Juan Carlos Serrano López



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, data de nacemento \_\_\_\_\_ e domicilio para efectos de notificación en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ e número de teléfono \_\_\_\_\_ estando en coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Portomarín e publicado no Diario O Progreso de Lugo de data \_\_\_\_\_, para a provisión de tres (3) prazas de persoal laboral temporal, **Conductor Motobomba**, a xornada completa por un período de tres meses no ano 2016.

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan no Anexo IV, que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.


\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

O/A solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE PORTOMARÍN**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE PORTOMARÍN**, con domicilio social na **Praza Condés de Fenosa, 1 - 27170 Portomarín - Lugo**. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o **CONCELLO DE PORTOMARÍN**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### ANEXO II - PROGRAMA PARA A FASE DE OPOSICIÓN

O programa da convocatoria consta dos seguintes temas:


**Tema 1.-** O municipio de Portomarín. Término municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

**Tema2.-** Funcións do Conductor Motobomba na prevención e defensa contra incendios forestais.

**Tema 3.-** Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

**Tema 4.-** Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

**Tema 5.-**Traballo en Incendios Forestais.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### ANEXO III - BAREMO DE MÉRITOS QUE REXERÁ NA FASE DE CONCURSO.

#### 1. Experiencia profesional, ata un máximo de 5 puntos:

\_ Servizos prestados na Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, referidos aos exercicios dende o ano 2010 ata o presente exercicio 2016, e realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais coa mesma categoría a que se opta (Peón de Brigada/Peón Conductor): 0,30 puntos/mes completo.

\_ Servizos prestados en Empresas Privadas, referidos aos exercicios dende o ano 2010 ata o presente exercicio 2016, realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais coa mesma categoría a que se opta (Peón de Brigada/Peón Conductor): 0,15 puntos/mes completo.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar Informe de Vida Laboral máis copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

#### 2. Formación relacionada coa Prevención e Defensa Contra Incendios, ata un máximo de 3 puntos.

\_ Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza non serán puntuados. Soamente se valorará a formación realizada dende o ano 2010 ata o exercicio actual 2016, non valorándose a formación anterior. (Non puntuará o curso teórico-práctico obrigatorio para brigadas municipais).

- Menos de 20 horas: 0,10 puntos.
- De 20 a 49 horas: 0,30 puntos.
- De 50 a 99 horas: 0,50 puntos.
- De 100 a 149 horas: 0,90 puntos.
- Máis de 150 horas: 1,20 puntos.

#### 3. Coñecemento dá Lingua Galega, ata un máximo de 1 punto.


Computarase unicamente o grao superior alegado polos aspirantes.

- Celga 4: 1 punto
- Celga 3: 0,50 puntos.
- Celga 2: 0,25 puntos.

#### 4. Voluntario de Protección Civil, ata un máximo de 1 punto.

\_ Por presentar Carné de Voluntario de Protección Civil, acompañado de certificación expedida por o presidente da agrupación, onde faga constar mínimo catro saídas operativas como voluntario: 1 punto.

Sendo imprescindible que todas as saídas se realizasen entre o 1 de xaneiro e o 15 de xuño de 2.016.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### ANEXO IV (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Conductor Motobomba				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN			
Denominación	Centro impartición	Duración (horas)	Datas da formación

IDIOMA:GALEGO	
CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN	

PROTECCIÓN CIVIL	
CARNÉ + CATRO SAÍDAS	(Si ou Non):

Data: \_\_\_\_\_  
O/A solicitante

Asdo: \_\_\_\_\_